

## **Destrucción e construción do idioma galego durante o século XX**

RAMÓN MARIÑO PAZ

Durante o século XX fortalecéronse considerablemente tanto os axentes destrutivos coma os factores construtivos que xa viñeran operando desde antes sobre a lingua galega. Unida á súa secular postergación social e ao seu tamén secular desamparo oficial, que comezara a estar en camiño de superación durante a Segunda República pero que de feito non se empezou a remontar ata os tempos da España autonómica posfranquista, a mudanza social, económica e cultural que se viviu, especialmente rápida desde a década de 1960 en diante, abriulle as portas a unha fulgurante extensión do coñecemento e o uso do castelán e a un non menos fulgurante recuamento do monolingüismo en galego. Mais, como panca que posibilitou a elevación do nivel económico e cultural de importantes sectores, favoreceu os avances da articulación e a cohesión interna do país e impulsou o progreso do discurso identitario e desalienador, esa mesma mudanza socioeconómica e cultural conferiulles máis enerxía e eficacia aos movementos que, herdeiros do Padre Sarmiento e do Rexurdimento, loitaron por deter a potente onda desgaleguizadora, ampliar o abano de funcións lingüísticas que poderían desempeñarse co idioma galego ou poñer a este en condicións que permitisen utilizalo para a realización de tales funcións. Así, pois, ao longo do século XX multiplicouse a forza dos factores destrutivos e construtivos que historicamente viñeran actuando sobre a nosa lingua, de tal maneira que o galego, tanto no tocante á súa configuración interna coma no relativo á súa inserción no

noso tecido social, chegou ao ano 2000 en condicións moi distintas daquelas en que se encontraba en 1900.

Para sintetizar as principais dimensións deste cambio, vou falar de seguido sobre cinco aspectos que, a meu parecer, marcaron o percurso histórico da nosa lingua ao longo do século XX. Para lle dar cabo á miña exposición, farei unha brevísima reflexión sobre os desafíos aos que o galego se enfrenta neste limiar do século XXI en que actualmente nos encontramos.

## 1. A CAÍDA DO MONOLINGÜISMO EN GALEGO

Hai uns dez anos os autores do MSG2 (1995: 51-52) estimaron que entre a xeración dos galegos nados en 1877 e a dos que o fixeron en 1974 o descenso do monolingüismo en galego foi de 70.8 puntos, sen que isto significase un aumento correlativo do monolingüismo en castelán (pois este sería de só 17.6 puntos), senón máis ben unha gran difusión das condutas bilingües (que aumentarían no mesmo período en 51.1 puntos). Segundo esta mesma fonte, o maior salto adiante do progreso castelanizador debeu de se dar durante o percurso vital das promocións dos que naceron entre 1924 e 1947, nunha época en que converxeron poderosos axentes desgaleguizadores como unha abrupta urbanización<sup>1</sup>, o rápido espallamento dos medios de comunicación audiovisuais, o retorno de moitos emigrantes que se asentaron preferentemente nas cidades atlánticas e a postergación e persecución do noso idioma desde o franquismo se asentou en Galicia no verán de 1936. Nas condicións represivas creadas pola ditadura do xeneral Franco, os grandes progresos que entón se conseguiron na extensión e a mellora da calidade do ensino primario<sup>2</sup>, e algo máis tardiamente na difusión do ensino medio e do superior, propiciaron non só a xeneralización do coñecemento do castelán, senón tamén a expansión do seu uso entre as novas xeracións e o reforzamento dos prexuízos que desde había séculos gravitaban sobre o galego.

<sup>1</sup> No marco dunha onda de desgaleguización idiomática común a todas elas, as nosas vilas e cidades viviron procesos de castelanización de cronoloxía e ritmos diferentes determinados principalmente pola peculiar historia e pola composición socioeconómica de cada unha delas. Fronte á mais antiga e intensa expansión do castelán nos enclaves atlánticos onde tendeu a concentrarse o desenvolvemento económico, en Compostela, Lugo e Ourense o proceso de substitución lingüística viviuse con menos crueza. No singular caso de Compostela xogaron e xogan a favor do galego o seu papel simbólico como capital de Galicia e como sede das institucións autonómicas e a súa relevante vida cultural, maioritariamente expresada en lingua galega e vinculada á reivindicación lingüística (cf. Cidadanía 2002)

<sup>2</sup> A definitiva expansión da escola pública no medio rural galego soamente se materializou cando xa estaba moi avanzada a segunda metade do século XX, e só entón desapareceron por completo as tradicionais e deficientes escolas de ferrado (cf. de Gabriel 2001: 134-135).

No MSG2 (1995: 48-49) díciase tamén que na derradeira década do século XX se estaba a configurar unha situación en que non medraba de forma espectacular o monolingüismo en castelán, mais si o grupo das persoas provenientes de medios galegófonos habituais que con máis ou menos frecuencia incorporaban o castelán ás súas condutas lingüísticas. Podemos afirmar que o recuamento do monolingüismo en galego era máis acentuado entre os máis novos, entre os que habitaban en lugares de carácter máis ou menos urbano e entre os que tiñan máis elevados niveis de estudo, mentres que o mantemento de tal comportamento monolingüe estaba máis estendido entre os máis vellos, entre os que vivían no medio rural e entre os que acadaran niveis de estudos máis baixos. Ora ben, a afluencia de excedentes demográficos rurais aos hábitats urbanos e periurbanos e a introdución do galego en novos ámbitos de uso formal que se produciu desde a transición á España autonómica fora creando condicións que propiciaban que os castelanfalantes iniciais, maioritariamente residentes en medios viliegos ou urbanos, se sentisen en maior medida precisados a introducir o galego nalgunhas das interaccións a que as súas vidas os obrigan diariamente. Apuntan nesta dirección Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1998), para quen o aumento do uso do galego por parte dalgúns castelanfalantes iniciais nos últimos anos se debe en parte a razóns ideolóxicas, pero tamén a outras, entre as que eles salientan os cambios habidos na composición da rede social en que estes individuos se integran: a incorporación ao mundo laboral, e nomeadamente o inicio dos estudos medios e superiores durante a adolescencia ou ao final dela, parecen ser indutores de importancia para que algunhas persoas incrementen en maior ou menor medida o uso que habitualmente fan do idioma galego<sup>3</sup>.

## 2. A AMPLIACIÓN FUNCIONAL

A mediados da década de 1910, a xente do círculo da revista *Estudios Gallegos* (1915-1916) e a que promoveu a creación das Irmandades da Fala en 1916 encontrouse neste terreo cunha situación estancada. As actividades que se desenvolveran nas décadas anteriores consagraran o idioma galego como instrumento considerado apto e mesmo moi axeitado para a creación poética. Tamén chegaran ao mercado as primeiras gramáticas e dicionarios, esixidos pola incipiente demanda dos aínda pequenos grupos de lectores e escritores en galego. Máis modestos foran en cambio os avances que se produciran nos campos do cultivo da prosa narrativa, do teatro ou do xornalismo, en tanto que noutros terreos estaba practicamente todo por facer. O acto de inauguración da Real Academia Galega en 1906, coas súas declamacións poéticas en galego e as súas pezas oratorias en castelán, resultou ser unha axustada posta en

<sup>3</sup> Cf. tamén Rodríguez-Neira (2002-2003).

escena do que foran as conquistas e as limitacións do Rexurdimento. Cumpría entón un novo impulso que fixese dar outro salto adiante, e este impulso chegou da man do nacente nacionalismo, que asumía a restauración do idioma galego como principio básico do seu ideario e da súa praxe. Así o expresaba Antón Villar Ponte no “trabajo proselitista” (Villar Ponte 1916: 8) que baixo o título de *Nacionalismo gallego* deu ao prelo en 1916: “¿cómo ha de haber ciegos y necios que todavía se atrevan a negar que toda afirmación gallega debe partir ineluctablemente del renacimiento del idioma gallego?” (Villar Ponte 1916: 6)<sup>4</sup>.

Nos vinte anos que mediaron entre a creación das Irmandades da Fala e a rebelión militar de xullo de 1936, a xente das Irmandades, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista conseguiu que o galego se fose instalando e afianzando nos eidos da prosa narrativa, do ensaio científico sobre temas de historia, xeografía, etnografía ou arte popular, no teatro, na prensa, na tradución de textos literarios, no mitin e no acto académico. A reivindicación da galeguización do ensino nos seus diferentes niveis e a demanda de que nas aulas se introducisen ensinanzas sobre a cultura e a realidade galega foron tamén unha constante neste tempo (cf. Costa Rico 2004: 1028-1033), e non faltaron tampouco reclamacións análogas en campos coma o da administración de xustiza e a vida relixiosa.

O Estatuto de Autonomía que o pobo galego referendou o 28 de xuño de 1936 veu facer realidade unha aspiración que xa se expresara como obxectivo básico na Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918: a “cooficialidade dos idiomas galego e castelán” (in G[onzález] B[eramendi] 1974: 55). Aínda que supeditado á primacía do castelán como “idioma oficial de la República” que se establecía na Constitución de 1931, o estatuto galego de 1936 abría-lle ao galego as portas da súa instalación na vida administrativa a carón do castelán. Alén disto, este texto legal dispoñía que o galego se ensinase xunto co castelán nas escolas e que nos institutos e Escolas Normais se dispensase docencia de lingua, literatura, xeografía e historia de Galicia. Finalmente, establecía a posibilidade de crear cátedras universitarias e subvencionar institucións dedicadas ao estudo da cultura galega. Nun contexto social en que o monolingüismo en galego estaba aínda moi xeneralizado, a execución de medidas que viñesen a materializar estas previsións estatutarias puido resultar extraordinariamente beneficiosa para a nosa lingua, pero a instauración do franquismo coutou todas estas expectativas.

Fronte á esta frutífera xeira construtiva que se estendeu de 1916 a 1936, os anos e décadas seguintes tiveron que ser ante todo tempos de resistencia fronte á ofensiva destrutiva desencadeada en nome da unidade de España. Durante os corenta e os cincuenta o exilio, e nomeadamente o exilio bonaerense, serviu como plataforma de publicación da creación literaria e ensaística en galego que na Galicia interior non

<sup>4</sup> Ao autor deste texto xa lle causaba incomodidade que a doutrina a favor da restauración da lingua galega se expresase nel en castelán. A súa advertencia de que “estos apuntes se escribieron en castellano por razones de propaganda” (Villar Ponte 1916: 59) fálanos da limitada difusión que aínda entón podería ter en Galicia o ensaio escrito en lingua galega.

podía pasar a alfándega da censura. Baste con lembrar aquí, por mor da necesaria brevidade expositiva, os nomes de Castelao e Luís Seoane. Na nosa terra a Editorial Galaxia, nacida en 1950 como empresa cultural do galeguismo dirixida por antigos membros do Partido Galeguista, mantivo un *tour de force* cos xerifaltes do aparato censor do franquismo, que se puxeron alerta ante as evidentes mostras que daban os galaxianos das súas intencións de que as publicacións en lingua galega rompesen o cerco que as circunscribía ao campo da literatura, e especialmente ao da poesía costumista, folclórica, sentimental ou, incluso, de propaganda do réxime<sup>5</sup>. A pesar das prohibicións e dificultades que caeron sobre ela, Galaxia saíu adiante, talvez favorecida por unha conxuntura política coma a de mediados dos cincuenta, en que o franquismo, desexoso de superar o ostracismo internacional a que estivera condenado, non podía manter a ferocidade represora doutros tempos.

Moi relevante resultou a actuación do nacionalismo que emerxeu durante a década de 1960. O seu traballo político clandestino e as actividades legais das súas organizacións culturais contribuíron a que o idioma galego volveuse, coma antes da guerra civil, a trascender as fronteiras da expresión literaria e a instalarse como idioma cada vez máis utilizado nos círculos estudantís, sindicais e políticos que se opoñían ao franquismo. Durante o tardofranquismo e a transición fóronse incorporando ao uso público do galego sindicatos, partidos políticos e outras organizacións non nacionalistas. Foi tamén aquela a época en que, sobre todo grazas á iniciativa das organizacións nacionalistas, foron aparecendo as primeiras publicacións periódicas non clandestinas escritas integramente en galego e en Galicia desde o estalido da guerra civil: *Vagalume*, *Teima*, *A Nosa Terra* na súa nova xeira, etc. Tamén daquela comezou a introducirse minoritariamente o galego na Televisión Española e nalgúns emisoras radiofónicas.

Do tecido legal que en materia lingüística configuraron a Constitución Española de 1978, os distintos Estatutos de Autonomía de territorios con lingua propia e as Leis de Normalización Lingüística que se aprobaron tense dito moitas veces, e con razón, que deseña unha relación de desigualdade entre o castelán e as restantes linguas españolas declaradas oficiais. Con todo, con ser esta unha cuestión de grande relevancia polas consecuencias que dela se derivan, coído que nos últimos vinte e cinco anos o máis gravoso para o galego foi o feito de que non se aproveitasen a fondo as posibilidades que abría a Lei de Normalización Lingüística de 1983 para avanzar decididamente pola vía da rehabilitación e, por conseguinte, polo terreo da ampliación funcional.

Un dos ámbitos formais de uso en que máis penetrou o galego nestes últimos tempos foi o do ensino. Hoxe están consolidadas as ensinanzas de lingua e literatura galegas nos currículos escolares da educación primaria, da secundaria e do bacharelato, mais non se pode dicir o mesmo respecto do emprego do galego como idioma con

<sup>5</sup> Para todo o relativo ás tirapuxas entre a represión franquista e as actividades galeguistas dos círculos galaxianos na década de 1950, cf. Alonso Montero (2003).

que impartir outras materias. Na actualidade percíbese unha falta de homoxeneidade no tocante a esta cuestión, con maiores resistencias nos centros onde a castelanización é máis intensa, é dicir, nos centros de titularidade privada situados en núcleos urbanos ou vilegos (cf. Monteagudo & Bouzada 2002). Por outra parte, creo que, a pesar de que no inicio do século XXI a escola continúa sendo en Galicia un importante axente desgaleguizador, tamén é certo que en determinados contextos a educación infantil e primaria supón para moitos rapaces un achegamento desprexuízado á lingua e á cultura do país que non se lles proporciona nos seus fogares.

A entrada da docencia da lingua e a literatura galegas universidade galega ten as súas orixes a mediados da década de 1960. Loxicamente, a moderna consolidación da investigación universitaria nesta área de coñecemento ten unha cronoloxía que discorre en paralelo coa da respectiva docencia. Da situación que neste ámbito se dá na actualidade creo que pode dicirse que, aínda que nos planos institucional e administrativo a galeguización do sistema universitario é considerable, os niveis de uso do noso idioma como instrumento docente nas nosas universidades son aínda hoxe moi baixos<sup>6</sup>.

Por falta de tempo, non entrarei en detalles a propósito doutros ámbitos funcionais. Aínda que insuficiente en certos casos, coido que resulta incuestionable o avance do uso público e institucional que nas dúas últimas décadas experimentou o galego na administración autonómica, na administración local, na vida política, sindical e parlamentaria, na literatura, no sector dos medios de comunicación audiovisual e no da comunicación a través da Internet<sup>7</sup>. Polo contrario, no ano 2005 as inercias e as resistencias seguen a obstaculizar duramente a incorporación do galego á administración periférica do estado, á administración de xustiza, ao exército e ás forzas e corpos de seguridade, á prensa escrita diaria, ao mundo empresarial, á banca, á igrexa ou á edición de textos de prosa científica e de textos orixinais sobre todo tipo de materias.

### 3. A ELABORACIÓN FORMAL DO INSTRUMENTO LINGÜÍSTICO E A CONSTRUCCIÓN DA VARIEDADE ESTÁNDAR

Unha andadura máis ou menos planificada deste proceso de elaboración formal non se deu ata que, convertida Galicia en comunidade autónoma histórica do Estado español en virtude da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de 1981, o galego foi declarado lingua cooficial. Naquela altura, a aprobación das *Normas*

<sup>6</sup> Para a Universidade de Santiago de Compostela, véxanse datos recollidos no curso 1995-1996 en Rodríguez Neira (1998).

<sup>7</sup> Segundo Gómez Guinovart (2003), no 26 de marzo de 2003 estaban escritas en galego un total de 98.998 páxinas web, o que supoñía unha media de 0,025 páxinas por habitante de Galicia. O galego ocupaba así o trixésimo sétimo posto entre as corenta e cinco linguas identificadas por este analista, o que o situaba por detrás do éuscaro e do catalán pero por diante de linguas coma o romanés, o ucraíno, o afrikáans, o malaio, o albanés, o bielorruso, o árabe e o vietnamita.

*ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega veu ditada pola necesidade xa ineludible de dotar o idioma dunhas normas polas que se regulasen os usos oficiais que xa se lle empezaran a dar durante a Preautonomía e aqueloutros que virían a sumárselles despois. Este texto foi severamente criticado e contestado desde distintas posicións durante non poucos anos, mais non por isto é menos certo que con el se rompeu unha constante que se mantivera esencialmente inalterada no terreo do cultivo escrito do idioma galego iniciado no Rexurdimento: a de non se chegar a constituír ningunha autoridade individual nin colexiada investida de autoridade ou potestade suficientes. Por propia incapacidade, non o foi durante décadas a Real Academia Galega inaugurada en 1906, que realmente non se poñería a facer propostas normativas para a sociedade ata a década de 1970. Pola súa parte, os textos producidos nos anos trinta polo Seminario de Estudos Galegos (*Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, de 1933, e mais a *Engádega ás Normas pra a unificación do idioma galego*, de 1936) non gozaron do tempo necesario para exercerem a súa influencia, porque a rápida vitoria do franquismo en Galicia lles coutou as grandes posibilidades de proxección que lles abría o Estatuto de Autonomía de 1936. Finalmente, o maxisterio que moitos lle recoñeceron á Editorial Galaxia, polo menos durante os anos cincuenta e sesenta, tampouco podía deixar de ter un alcance limitado nun tempo en que o emprego non coloquial da lingua galega non podía ir moito máis alá do mundo da creación literaria e cultural.

Por tanto, do Rexurdimento para acó os nosos escritores, gramáticos e dicionaristas sostiveron un proceso esencialmente espontáneo marcado pola carencia de fortes ataduras normativas, pola falta de escritores ou obras que se consagrasen como modelos indiscutibles e por un elevado grao de polimorfismo ou variación interna nas escollas gráficas, morfolóxicas, sintácticas e lexicais. Así e todo, concordo con Santamarina (1994) na idea de que si houbo certas grandes liñas de acción compartidas por moitos:

- 1) a tendencia a ir superando o apego estrito ás formas características do propio dialecto en procura de modelos interdialectais ou, xa tardiamente, supradialectais;
- 2) a busca da pureza lingüística a través de distintas vías, tales coma a lingua popular, a lingua medieval, o préstamo tomado do portugués ou o chamado hiperenxebrismo;
- 3) o seguimento, consciente ou inconsciente, do modelo castelán.

A ampliación funcional que o galego experimentou durante a época da eclosión do noso nacionalismo revelou como improrrogable a tarefa de lle conferir un grao de unificación e de elaboración moito máis alto do que ata entón atinxira. Así o dicía Manuel Portela Valladares cando en 1923 escribía na revista *Nós* “En col da lingoa galega”:

Ou a lingoa galega a ser só lingua insuperabel de sentimento, de descripción, de poesía, de relación familiar, e estonces ten dentro de sí xa elementos abondo; ou ha ser a mais d’esto, lingoa que poida encerrar toda a

cultura, non so a racial sinon a de instrución e ciencia, toda a civilización da época nosa, e estonces hai que lle faguer dar ese paso pra un plan superior, que hasta agora non poido dar, por habel-a tido abafada ao marxe da vida inteleitual, un bárbaro réxime político (Portela Valladares 1923: 5).

Neste alborexar da fase nacionalista do galeguismo cobrou moita importancia entre os escritores a procura da enxebreza e a saudable reacción purista fronte ao aceso do castelán. O cultivo do galego en novos xéneros, literarios ou non, esixiu dotalo do vocabulario que lle cumpría, sempre en busca da súa expansión, actualización e descastelanización<sup>8</sup>. Isto non quere dicir que o castelanismo lexical se erradicase nas obras destes anos, mais si que se logrou reducir a súa incidencia.

Tras a ruptura causada pola instauración do fascismo en 1936, os responsables da Editorial Galaxia exerceron unha notoria influencia no tipo de galego que se escribiu e publicou durante os anos cincuenta, sesenta e aínda setenta. As *Normas ortográficas do idioma galego* (1970) e as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971) da Real Academia Galega, aínda moi insuficientes por deixaren moitas cuestións sen tratar, referendaron algunhas das tendencias que en materia de unificación ortográfica e morfolóxica viñera consagrando a casa editorial viguesa: uso dos plurais en *-ns* para as palabras agudas rematadas en *-n* no singular (*razóns*), de *-an* e *-a* como resultado das terminacións latinas *-ANUM* e *-ANAM* (*o irmán / a irmá*), dos plurais do tipo de *animais* e *papeis* para voces coma *animal* e *papel*, etc. As escasas diferenzas entre as normas da Academia e as que o Instituto da Lingua Galega seguira nas súas publicacións reducíronse tras a celebración dos seminarios que concluíron coa publicación das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977), en que, segundo Domingo García-Sabell, se conxugara a liña da RAG e o ILG coa “tendencia lusista que nos últimos tempos defenderon algúns escritores e lingüistas” (*Bases*, 5). Mais, como isto non satisfacía as aspiracións dos reintegracionistas que participaron nos encontros de 1976 e 1977, un sector dos seus asinantes non chegou a apoiar estas *Bases*.

Despois do fracaso do novo intento de conciliar autonomismo e reintegracionismo nas *Normas ortográficas do idioma galego* de 1980, a RAG e o ILG publicaron en 1982 as *Normas ortográficas e morfolóxicas de idioma galego*, que axiña foron declaradas oficiais pola Xunta de Galicia. Os anos seguintes foron tempos de dura confrontación da liña oficial coas posicións reintegracionistas e coa que deu en chamarse “normativa de concordia”, que partía das *Orientacións para a escrita do noso idioma* (1980) da Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Mediada a década dos

<sup>8</sup> Obviamente, este novo contexto non abolía a posibilidade de que houbera cultivadores de idioma ao xeito de Antonio Noriega Varela, quen, enfrontado ao nacionalismo e animado por unha concepción ruralista do idioma, non pretendía para el a diversificación funcional e, por tanto, contemplaba con grandes reticencias todos os intentos de intervir sobre el con miras a fixarlle un estándar (cf. Freixeiro Mato 2000).



oitenta, agromou ademais a proposta dos partidarios da completa unificación do galego co portugués, sen ningún tipo de aproximación gradualista.

Unha revisión e actualización das *Normas* do ILG e a RAG que as aproximaba ás da AS-PG foi presentada ante a Real Academia Galega no ano 2001. Tal proposta fora elaborada por representantes do Instituto da Lingua Galega e das áreas de Filoloxía Galega das Universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo, convocados e moderados pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega. As reformas ortográficas e morfolóxicas que neste texto se propoñían eran poucas e de non moita importancia, e nalgúns aspectos non facían máis que desenvolver a liña aberta coa revisión, actualización e ampliación do texto normativo que se aprobou en 1995. Por outra parte, para lle dar expresión oficial a unha práctica xa consolidada nos anos anteriores, incluíase entre os principios xerais das *Normas* unha referencia ao portugués “como recurso fundamental para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego” (in Fernández Rei 2001: 107). A decisión da Real Academia Galega de non aceptar esta proposta causou unha gran decepción entre as persoas e asociacións que, por estaren interesadas e comprometidas na promoción social do idioma galego, consideraban que era moi necesario reducir no posible a grave discordia normativa que en Galicia se arrastrara desde a década dos setenta do século XX.

En setembro de 2002 a institución académica reabriu o estudo sobre a modificación do texto normativo daquela vixente. Unha comisión de oito membros, catro da RAG e catro en representación do Instituto da Lingua Galega e das Áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa das universidades galegas, elaborou unha proposta de modificación que a RAG aprobou por ampla maioría o 12 de xullo de 2003. As diferenzas entre esta proposta e a que fora rexeitada no ano 2001 non eran significativas. Como expuxo Regueira (2003: 217), estes cambios aprobados en 2003 inscribíense sen ningunha estridencia na corrente do “intervencionismo descastelanizador e de prudente pero claro achegamento ó portugués” que se veu afirmando no proceso de elaboración do estándar galego desde as primeiras décadas do século XX.

As polémicas suscitadas pola cuestión da normativización gráfica e morfolóxica ralentizaron en certa medida outros traballos conducentes á habilitación do instrumento lingüístico galego para desempeñar funcións novas, para tratar novos temas, para se abrir a novos xéneros e formas de discurso. A apertura do galego a novos usos orais de carácter formal aconsella camiñar decididamente cara ao establecemento dunha pronuncia padrón en que, ao tempo que vaian cristalizando determinadas solucións cando o propio idioma galego ofrece certa variación interna, se camiñe cara á depuración de todos aqueles elementos fónicos alleos que lle restan autenticidade á lingua empregada por diversas persoas desde diversas tribunas. Actualmente parece xa irreversible a escolla social a prol dun modelo culto de galego oral sen gheada, sen seseo e con admisión da pronuncia con consoante oclusiva dorsopalatal sonora

(e non lateral palatal) en voces coma *ollo*, mais, na vía do distanciamento respecto da configuración fonética das variedades máis espontáneas e populares, esténdense perigosamente a través de diversas vías modelos inauténticos en que non se manteñen as sete vogais propias do galego en posición tónica, non se pronuncia correctamente a consoante nasal velar ou se introduce unha entoación inequivocamente castelá (cf. Regueira 1994, 1997, 1998). Así as cousas, parece necesario desenvolver accións que conduzan cara ao establecemento e a difusión dun estándar oral forxado con criterios puristas, mais tendo tino para non crear con el barreiras que entorpezan a conquista de novos falantes para o galego (cf. Regueira 2005).

O léxico do noso idioma debe ser enriquecido coas voces necesarias para que poida ser empregado en todo tipo de textos ou de intervencións orais. Cómpre, pois, avanzar no terreo da terminoloxía, onde ata o día de hoxe non houbo a suficiente planificación, coordinación e socialización das propostas elaboradas nos gabinetes de traballo, sen as cales é imposible que os esforzos investidos dean o rendemento que deben dar (cf. Rodríguez Río 1996; Galanes Santos 2003). Tamén conviría, como propón Rodríguez Río (1998), camiñar cara ao establecemento duns criterios que permitan tratar a incorporación de préstamos máis sistemática e coherentemente ca ata o de agora, tanto no tocante á decisión sobre a súa admisión ou rexeitamento coma no relativo á maneira de integralos no caso de que se admitan (sen adaptalos, con adaptación gráfica ou fonética ou mediante calcos).

#### 4. O AUMENTO DA VARIACIÓN SOCIAL E ESTILÍSTICA<sup>9</sup>

A asoballadora irrupción do castelán na vida privada de centos de miles de galegos que se produciu durante o século XX, e sobre todo de 1960 en diante, non puido deixar de exercer unha extraordinaria influencia sobre o galego oral espontáneo. No terreo do vocabulario, onde esta deriva resulta evidente, cómpre subliñar que a potente onda castelanizadora se asociou co declinio contemporáneo das formas de vida tradicionais, que na súa desaparición arrastraron canda si importantes sectores lexicais que estaban intimamente ligados a elas.

Por outra parte, cómpre ponderar a importancia de que se revestiu o feito de que desde finais da década de 1970 ata a actualidade viñesen actuando sobre o idioma galego relevantes factores anteriormente inoperantes ou pouco relevantes. A súa declaración de cooficialidade derivou na súa introdución no ensino, na vida política e parlamentaria, na administración ou nos medios de comunicación audiovisual, ao tempo que desde a década de 1980 ata a actualidade se foi constituíndo unha varie-

<sup>9</sup> Baixo este rótulo reproduzo con algunhas variacións e ampliacións unhas observacións que fixen en Mariño Paz (1998: 437-438, 445-446).

dade estándar que, aínda que contestada total ou parcialmente por distintas persoas ou colectivos, foi con certeza exercendo a súa influencia non só sobre os distintos xéneros e estilos do galego escrito, senón tamén sobre as variedades que presenta o galego oral. Castelanización e desruralización crecentes e proceso de estandarización serodio son, ao meu modo de ver, as principais características observables na evolución das estruturas lingüísticas do galego oral durante o século XX.

Sen dúbida, a difusión do galego estándar a través de vías coma os medios de comunicación e o ensino contribuirá a depurar a lingua oral das derivas castelanizantes que, de non seren atalladas, ameazan con arruinar a identidade do noso sistema lingüístico ao ir propiciando a súa satelización verbo do castelán. De feito, hoxe parece estar cristalizando xa unha certa diglosia interna no galego, de tal xeito que o emprego da variedade estándar se vai configurando como a tradución da distancia social que media entre os seus usuarios e os galegofalantes “espontáneos” ou “dialectais”. En liñas xerais poderíase dicir que na variedade formal tende a impoñerse un modelo fonético menos “auténtico” (sen gheada, sen seseo, cunha entoación non moi marcadamente galega, etc.) ao tempo que nela se avanza na depuración dos castelanismos lexicais propios da fala popular e, con maiores dificultades, na corrección dos castelanismos gramaticais, que son especialmente patentes no desempeño lingüístico dos “neofalantes” (cf. Kabatek 2000; Iglesias Álvarez 2002: 197-228)<sup>10</sup>. Mesmo se pode falar xa, como apunta Regueira (1999), dun “novo galego urbano” que se aparta do galego popular porque adopta os elementos gramaticais e léxicos do galego estándar (aínda que con particularidades importantes como as frecuentes colocacións desviadas dos clíticos ou o uso de /i/ como conxunción copulativa), pero tamén se aparta do galego estándar porque a súa base fónica é fundamentalmente a do castelán.

Todas estas derivas experimentadas no curto prazo duns lustros van contribuíndo a dotar o galego actual dunha variación social e estilística que ata hai moi pouco tempo non tiña ou, se se quere, tiña só en dimensións moi reducidas.

<sup>10</sup> Segundo Dubert García (1998), na actual fala de Santiago de Compostela obsérvase que certos procesos da lingua estándar empezan a estenderse e a entrar en variación contextual coas formas populares, “de modo que o galego estándar comeza a compartir co castelán o papel de lingua teito e a competir con el na creación de formas de prestixio” (vol. 1, p. 122). É, por exemplo, o caso dos plurais do tipo de *animais* ou *culturais*, que empezan a penetrar decididamente no repertorio dos falantes con máis alto nivel de estudos e máis características urbanas, é dicir, que comezan a estar en variación con *animales* ou *culturales* na fala dos individuos que teñen un maior coñecemento do estándar galego e senten máis estímulos para utilizalo. De acordo con Dubert, afirmacións idénticas cabe facer a propósito da variación entre formas coma *mentalidade* ou *universidade* e *mentalidá* ou *universidá*, ou ben entre plurais coma *mans* ou *xamóns* e *mas* ou *xamós* en falantes que inicialmente teñen como propios os segundos, ou entre demostrativos neutros coma *isto* e *esto* por parte de individuos que en principio teñen *esto* como a variante propia do seu dialecto. Polo contrario, a pesar de estar recollido e recomendado no modelo normativo, o alomorfo /lo/ do artigo definido tende a non se empregar na fala dos individuos máis novos e máis urbanizados do concello de Santiago de Compostela, coa excepción dos contextos en que aparece tras o cuantificador *todos / todas (tódalas tardes)* ou tras a preposición *por (pola noite)*; neste caso semella ter máis forza ca o prestixio do estándar a xa vella tendencia a ir reducindo a tripla alomorfía do artigo definido (cf. Dubert García 1998: I, 138-143).

## 5. A EVOLUCIÓN DA CONSCIENCIA METALINGÜÍSTICA

Poden lerse nunha coñecida obra de Carme Hermida (1992: 26-37) elocuentes testemuños que nos falan de como na segunda metade do século XIX estaba xeneralizado o menosprezo do galego entre a burguesía e a fidalguía urbana, é dicir, entre as clases acomodadas das nosas vilas e cidades que enchían os cadros da administración civil e militar do novo Estado español que se empezara a deseñar nas Cortes de Cádiz, que dirixían a administración eclesiástica e orientaban a vida relixiosa das persoas ou que exercían as profesións liberais. No seu discurso de inauguración da Real Academia Galega en 1906 Manuel Murguía certificaba a consumación da viraxe castelanizadora destas clases, sobre as que escasos efectos deberon de producir os desvelos dos que sostiveron o Rexurdimento.

Con certeza, o traballo do nacionalismo e do galeguismo non nacionalista antes da guerra civil tivo que resultar beneficioso para a mellora da consideración social dunha lingua que, mercé a el, chegou a ser recoñecida como cooficial no Estatuto de Autonomía de Galicia plebiscitado afirmativamente en 1936. Así e todo, desmontar a rede de prexuízos que durante tanto tempo viñera soportando o galego era cousa que non podía facerse nin fácil nin rapidamente. Ben significativo é, a este respecto, que Castelao censurase en 1937 os traballadores que transplantados ao medio urbano rexeitaban o galego por quererem ser “señoritos”: “o galego —somentes refugado pol-os *señoritos* ou por *traballadores* que quixeran ser *señoritos*— é hoxe o idioma que prefiren os inteleituas como vehículo da nosa cultura” (Castelao 1992: 258).

Os anos do franquismo supuxeron unha dura marcha atrás. A ideoloxía oficial do réxime zumegaba un desprezo do galego, do catalán e do vasco patente, por exemplo, no *Catecismo Patriótico Español* de Martínez-Reigada, declarado libro de texto oficial o 1 de marzo de 1939, en que se afirmaba que o “vascuence [...], como lingua única, só se emplea en algunos caseríos vascos y quedó reducido a funciones de dialecto por su pobreza lingüística y filológica” e tamén que en España se falaban catro *dialectos* principais: catalán, valenciano, mallorquino e galego (cf. Alonso Montero 1987: 40). Na nosa casa, o menosprezo era ben máis ferinte naquela coñecida folla saída o ano 1955 da Imprenta Sindical da Coruña en que se exhortaba a xente a non ser “bárbara”, é dicir, a que fose “patriota” e non se expresase en galego, senón en “nuestro idioma oficial, [...] el castellano, [...] nuestro idioma cervantino”.

Polos anos setenta os progresos traballosamente conquistados por unha activa minoría nacionalista ou galeguista non conseguían obxectivamente opoñer máis ca unha débil resistencia ao conxunto dos axentes destrutivos da nosa identidade, que estaban a intensificar o seu asoballador avance e acabaron por desencadear o debate sobre a posible desaparición do idioma galego. Foi este o contexto en que apareceron o *Informe —dramático— sobre la lengua gallega* (1973), de Xesús Alonso Montero, e tamén a dura réplica con que a esta obra contestou Francisco Rodríguez en 1974, reimpresa despois no ensaio *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia* (1976).

Os estudos empíricos da situación sociolingüística de Galicia que entón se deron a coñecer sinalaban, fronte ao mantemento de índices de uso aínda elevados, o predominio dunhas actitudes moi negativas respecto da nosa lingua (cf. Iglesias Álvarez 1999: 23-25). Certamente alarmado e indignado pola ameaza dunha deserción lingüística crecente, o poeta Manuel María escribira xa uns anos antes uns significativos versos pertencentes á “Canción pra cantar tódolos días”, incluída no libro *Canciós do lusco ó fusco* (1970):

Hai que ser duros, peleós, intransixentes  
cos que teñen vocación de señoritos,  
cos porcos desertores repelentes,  
cos cabras, cos castrós e cos cabritos.

[...]

Hai que loitar, pois, coa deserción,  
cos parvos ignorantes burras quentes.  
Hai que afirmar a fala con tesón,  
defendela con uñas e con dentes

(Manuel María 2001: I, 447-448).

Este berro alporizado é tamén o que na “Canción para cando se escoita falar castrapo” do mesmo poemario se alza contra os “moi paletos e cretinos” que van “ladrando o seu castrapo por aí, / intentando ser lidos, cultos, finos, / imitando aos ‘castizos’ de Madri” (Manuel María 2001: I, 442). Na realidade, a asañada chamada de atención aos desertores e menosprezadores do idioma galego aflora de continuo nos libros que Manuel María, Celso Emilio Ferreiro e outros publicaron por aqueles anos.

A pesar das dificultades que houbo para remover inercias e mudar mentalidades, a apertura de novos horizontes tras a fin do franquismo contribuíu, salvo excepcións, a moderar pesimismo<sup>11</sup> e tamén a que empezase a tomar corpo unha nova forma de ver as cousas. Segundo o MSG3 (1996: 64-93), a actitude lingüística xeral para o conxunto de Galicia é nos nosos días favorable ao galego, cunha puntuación de 3.60 nunha escala en que o 5 representa a actitude máis favorable, o 1 a máis desfavorable e o 3 a indiferente. Consonte esta fonte, a maioría dos galegos de finais do

<sup>11</sup> Con todo, a publicación do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) durante a década de 1990 determinou a aparición de novas advertencias sobre a probable extinción inminente do idioma galego, entre as que cabe salientar a de Roca (1997). Fronte a elas, a reflexión de Santamarina (1998) preséntase con acentos menos dramáticos, mesmo con cauto optimismo, e conclúe coa afirmación de que “a conservación do galego vai depender non só dunha transmisión natural senón tamén, e moito, do esforzo consciente que fagamos durante toda a vida por aprendelo e depuralo e amplia-lo seu abano de funcións” (p. 69)

século XX non vía con malos ollos a introdución do galego na vida escolar, opinaba que se trata dun idioma útil para desempeñar todo tipo de funcións, cría que os galegos deberían falalo e transmitirllle aos seus fillos na casa, tiña a impresión de que no futuro será o idioma predominante en Galicia, percibíao como un elemento fundamental e indispensable para a conformación e preservación da identidade galega, rexeitaba os prexuízos que correlacionan o seu uso cunha menor consideración social ou profesional e, finalmente, afirmaba que nos últimos anos o aprecio que sentía por el aumentara ou cando menos se mantivera. En definitiva, o MSG3 propagou a idea de que, se non se podía negar que nas últimas décadas se produciu unha grave deterioración das redes de transmisión xeracional da lingua galega, tampouco debería esquecerse que durante os anos oitenta e parte dos noventa melloraron sensiblemente as actitudes xerais dos galegos respecto dela, e nomeadamente as dos máis novos.

Con todo, coido que conviría manter certas cautelas a este respecto. Concordo con Iglesias Álvarez (2002) cando observa que análises cuantitativas do tipo da realizada no MSG3 proporcionan ante todo o que as persoas entrevistadas consideran como o discurso socialmente imperante, pero están incapacitadas para entrar en profundidade na análise das actitudes lingüísticas da gran maioría silenciosa. Para esta autora, na Galicia actual é moi feble o discurso abertamente contrario á rehabilitación da lingua galega, mais é igualmente feble a ideoloxía favorable á súa decidida expansión. Estaríamos así ante unha “*dobre* ideoloxía que se expresa a través de discursos de autoxustificación, nos que en primeiro lugar se afirma o acordo coa norma social imperante neste sentido —*a norma do plurilingüismo*—, para poder expresar posteriormente o prexuízo de forma tolerable, por exemplo o rexeitamento a que o catalán ou o galego se esixan como requisito imprescindible nunhas oposicións á Administración Autonómica, argumentando que esta medida resulta discriminatoria para os castelanfalantes” (Iglesias Álvarez 2002: 313-314).

Xunto a isto, parécese evidente que o problema da actual inhibición do uso social do galego nas nosas cidades non se resolverá se non se vai máis alá da irrenunciabile reversión das actitudes lingüísticas hostís. Na Galicia actual, aínda que case desaparecido o prexuízo sociolóxico que durante moito tempo pesou sobre o galego, sucede que nos espazos urbanos, que hoxe son xa maioritarios e desigual pero profundamente castelanizados, a lingua de interacción por defecto, a lingua non marcada, é o castelán. En tales espazos optar polo galego é optar pola lingua marcada e adoita entrañar un acto de militancia non sempre ben comprendido (cf. Santamarina 2000: 44). Nos contextos urbanos a desactivación dos prexuízos que secularmente pesaron sobre o galego non poderá provocar un aumento do seu uso mentres non vaia acompañado dunha substancial mellora na competencia oral activa de non poucas persoas e, así mesmo, da modificación de hábitos e normas sociais moi arraizadas que contribúen a manter nun alto grao de castelanización as redes de socialización da maioría dos individuos.

## 6. CABO

Hoxe é opinión xeneralizada que no decurso histórico da lingua galega se poden distinguir tres grandes fases: a da emerxencia medieval, a da dialectalización posmedieval e a da reemerxencia contemporánea. Na miña opinión, o século XX foi para o galego un período en que se agudizaron as tensións ocasionadas pola problemática reemerxencia que no século XIX se iniciou asociada ao nacemento do galeguismo.

O xogo de forzas destrutivas e construtivas que anteriormente describín abocounos á complexa situación en que nos encontramos no abrente do século XXI, unha situación en que, se é certo que o galego está a competir co castelán na esfera do desempeño das funcións comunicativas formais, tamén o é que o está a facer con grande mingua do imprescindible zume vital que ás linguas lles proporcionan os usos propios da coloquialidade. A meu ver, a política lingüística que neste momento histórico nos cómpre terá que facer avanzar a presenza do galego na esfera das funcións comunicativas formais ao tempo que o sitúa no camiño de recobrar unha boa parte dese abundante zume vital que perdeu nas últimas décadas. Creo que só así se podería materializar a contundente e urxente reacción construtiva que hoxe en día está a necesitar o noso idioma.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, X., “Literatura en lingua galega de 1936 a 1953: Algúns aspectos da represión lingüística”, in *Os anos despois (1936-1953)*, número especial de *A Nosa Terra* (1987), 38-44.
- Alonso Montero, X., *A batalla de Montevideo. Agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*, Vigo, Xerais, 2003.
- Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, Madrid, Anaya, 1977. Reed.: Santiago de Compostela, Universidade, 1980.
- Castelao, [A. D. Rodríguez], *Sempre en Galiza*. Edición crítica (coord. Ramón Máiz), Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- Cidadanía, *Estudio-diagnóstico. Situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002.
- Costa Rico, A., *Historia da educación e da cultura en Galicia*, Vigo, Xerais, 2004.
- Dubert García, F. X., *A fala de Santiago de Compostela. Estudio xeolingüístico*, 2 vols., Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, F., “A proposta do acordo normativo do 2001. Notas e documentos sobre a *Questione della lingua galega*”, *A Trabe de Ouro* 48 (2001), 97-120.
- Fernández Rodríguez, M. & M. Rodríguez Neira, “O papel das redes sociais na relación entre competencia e uso do galego”, *Cadernos de Lingua* 18 (1998), 5-27.

- Freixeiro Mato, X. R., “Noriega Varela, poeta lusófilo”, in J. L. Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 2000, II, 275-299.
- Gabriel, N. de, *Escolantes e escolas de ferrado*, Vigo, Xerais, 2001.
- Galanes Santos, I., “A terminoloxía en Galicia”, in H. Monteagudo & X. M. Bouzada, *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2003, 229-288.
- Gómez Guinovart, X., “A lingua galega en Internet”, in A. Bringas & B. Martín, *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo, Universidade, 2003, 71-88.
- G[onzález] B[eramendi], J., “Irmandades da Fala”, in *Gran Enciclopedia Gallega*. Xixón: Silverio Cañada, vol. 18 (1974), 53-61.
- Hermida, C., *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais, 1992.
- Iglesias Álvarez, A., “Os estudos empíricos sobre a situación sociolingüística do galego”, *Cadernos de Lingua* 19 (1999), 5-42.
- Iglesias Álvarez, A., *Falar galego: “No veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*, Vigo, Xerais, 2002.
- Kabatek, J., *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo, Xerais, 2000.
- Manuel María, *Obra poética completa*, 2 vols., A Coruña, Espiral Maior, 2001.
- Mariño Paz, R., *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1998.
- Monteagudo, H. & X. M. Bouzada, *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2002.
- MSG2: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Usos lingüísticos en Galicia*, [A Coruña], Real Academia Galega, 1995.
- MSG3: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Actitudes lingüísticas en Galicia*, [A Coruña], Real Academia Galega, 1996.
- Portela Valladares, M., “En col da lingoa galega”, *Nós* 17 (1923), 2-6.
- Regueira, X. L., “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10 (1994), 37-60.
- Regueira, X. L., “Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega”, in B. Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (University of Oxford, 26-28 September 1994) / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, Oxford, Center for Galician Studies / Centro de Estudos Galegos, 1997, I, 179-194.



- Regueira, X. L. (coord.), *Os sons da lingua*, Vigo, Xerais, 1998.
- Regueira, X. L., “Estándar oral e variación social da lingua galega”, in R. Álvarez & D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade, 1999, I, 855-875.
- Regueira, X. L., “Lingua falada e estándar escrito: O galego desde o Rexurdimento á modificación ortográfica de 2003”, *Galicia dende Salamanca* 4 (2003), 185-220.
- Regueira, X. L., “Estándar oral”, in R. Álvarez & H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 2005, 69-95.
- Roca, I. M., “On language death and language survival: the case of Galician”, in B. Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (University of Oxford, 26-28 September 1994) / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, Oxford, Center for Galician Studies / Centro de Estudos Galegos, 1997, I, 449-489.
- Rodríguez Neira, M. A. (coord.), *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (Resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1998.
- Rodríguez-Neira, M. A., “Language shift in Galicia from a sociolinguistic viewpoint”, *Estudios de sociolingüística* 3(2) (2002) & 4(1) (2003), 75-112.
- Rodríguez Río, X. A., “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”, *Cadernos de Lingua* 13 (1996), 35-74.
- Rodríguez Río, X. A., “O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego”, *Verba* 25 (1998), 293-322.
- Santamarina, A., “Norma e estándar”, in G. Holtus & M. Metzeltin & Ch. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 6, 2: *Galegisch, Portugiesisch*, Tübingen, Max Niemeyer, 1994, 66-79.
- Santamarina, A., *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. Discurso lido o día 24 de outubro de 1998, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Antón Santamarina e resposta do Ilustrísimo Señor Don Xesús Alonso Montero, A Coruña, Real Academia Galega, 1998.
- Santamarina, A., “Normalisation linguistique en Galice. Trente ans d’histoire”, *Langas* 47 (*Le galicien et la sociolinguistique galicienne: à la conquête de la reconnaissance sociale de la langue*) (2000), 41-65.
- Villar Ponte, A., *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*, 2ª ed., A Coruña, La Voz de Galicia, 1916.